

## O anteproxecto da Lei de Ciencia supón un paso atrás en cuestións laborais, cunha aposta clara polas vías de condicionamento privado do coñecemento científico

*A CIG considera que o anteproxecto da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, presentado polo goberno central non vai contribuír a mellorar o sistema de ciencia e innovación, é regresiva en cuestións laborais e non fai unha aposta por un sistema de ciencia aberta profundando as vías de condicionamento privado do coñecemento científico. Este anteproxecto aproveita, ademais, para modificar aspectos centrais da Lei Orgánica de Universidades (LOU), pola porta de atrás, ás costas da comunidade universitaria*

A ausencia dunha verdadeira aposta polo financiamento da investigación pública das Universidades pretende ser solucionada por unha opción pola procura de financiamento privado.

- O anteproxecto non establece ningún tipo de restricións que garantan a realización das misións esenciais da Universidade docente-investigadoras e fomenta un tipo de investigacións con enfoques exclusivamente empresariais, non interesados no apoio á investigación básica e á ciencia crítica.
- O anteproxecto aposta pola moda do emprendemento a costa do compromiso co servizo público universitario. Favorécese que o profesorado universitario abandone as actividades docentes e investigadoras, con reserva de praza, en favor da creación de empresas de todo tipo, mesmo aque-



las que non impliquen a aplicación de resultados de investigación ou patentes propias. Non se prevé tampouco o establecemento duns beneficios mínimos desaktividade privada para as propias Universidades.

- O anteproxecto promove o establecemento de escolas de doutoramento por empresas privadas nas Universidades mediante unha modificación do texto da LOU

- O anteproxecto aposta por un réxime propietario e privatizador dos resultados da investigación (as patentes), socavando as bases da ciencia aberta. Non establece garantías para que os resultados do coñecemento obtidos con fondos públicos sexan de acceso aberto e universal para a sociedade no seu conxunto.

O anteproxecto da Lei da Ciencia, lonxe de resolver os problemas de captación e estabilidade dos/as investigadores:

- Crea un contrato-lixo (o contrato predoctoral) con baixas retribucións e sen garantías laborais
- Deseña contratos de investigador distinguido, sometidos exclusivamente á vontade das partes e con posibilidade de despedimento libre
- Mostra unha escasa ambición na configuración dun sistema de investigación máis amplo e diversificado o que leva a sobrecargar as Universidades cos obxectivos que deberían cubrir outras partes do sistema. Esta decisión acaba provocando distorsións no funcionamento e xestión de recursos nas Universidades
- Establece “pasarelas” automáticas para que os investigadores (CSIC) accedan aos corpos docentes universitarios, sen someter-

se aos requisitos de acreditación con avaliación das funcións propias da Universidade (investigación e docencia) que se lle esixe ao conxunto do profesorado, e sen un trato recíproco para o profesorado universitario que poida querer prestar servizos nun OPI

- Fixa un modelo de carreira investigadora rexida pola promoción interna con simple avaliación periódica de méritos ao mesmo tempo que, pola contra, o goberno nega esta posibilidade para o profesorado universitario na negociación do Estatuto do PDI, esixindo a realización de novos concursos para o acceso a cada categoría
- Establece unha nova regulación que permite que o profesorado universitario poida compatibilizar contratos a tempo parcial en distintas institucións, abrindo unha vía á precarización do emprego
- Esquécese do persoal de apoio á investigación e dos/as tecnólogos/as nunha clara mostra da falta de visión da unidade do sistema de ciencia e innovación e da importancia do seu labor
- Modifica a regulación do PAS das Universidades, eliminando a referencia ao Estatuto Básico do Empregado Público para o PAS laboral e á lexislación autonómica para todo o PAS o que pode supor un retroceso dos dereitos laborais do PAS.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com